



## ESPECIALISTAS DE TODA ESPAÑA REUNÍRONSE EN VIGO PARA ACTUALIZAR PROCEDEMENTOS EN TROMBOSES E HEMOSTASIA

- ***Participaron no curso de formación continuada que organizou a Sociedade española da especialidade coa colaboración do servizo de Hematoloxía da Área Sanitaria viguesa***

**Vigo, 15 de novembro de 2021.** Vigo converteuse no epicentro da hematoloxía española con motivo da celebración do *XVI Curso de formación continuada que organizou a Sociedade Española de Trombose e Hemostasia* e que contou coa colaboración do servizo de Hematoloxía da Área Sanitaria de Vigo.

O obxectivo do curso foi actualizar os coñecementos na área da hemostasia e trombose, xa que este é un campo en continuo desenvolvemento, tanto dende o punto de vista das súas causas, moitas veces con bases xenéticas, como na aparición de novos tratamentos. A importancia do curso reflíctese en que o presidente da sociedade española, José Antonio Páramo, impartiu un dos relatorios, concretamente o que se refire á “Resposta inflamatoria e fenotipos pretrombóticos”.

A xefa do servizo, Carmen Albo, participou no acto de apertura do curso, e 2 hematólogos da Área Sanitaria, os doutores Manuel Rodríguez e Elsa López, ofreceron varias relatorios. O primeiro, como moderador do apartado “Coagulopatías conxénitas e adquiridas”. Pola súa banda, a doutora López Ansoar interveu nese mesmo apartado cun relatorio sobre o “Diagnóstico da enfermidade de Von Willebrand”.

Avances en fisiopatoloxía cardiovascular, patoloxía da hemostasia na muller e o neno, trombose e tratamento antitrombótico e avances en inflamación e trombose, foron os grandes apartados, ademais do xa mencionado, de que constou o curso de formación continuada.



“Foi unha boa nova que se elixira a Vigo para a celebración deste encontro de actualización de procedementos, porque pon de manifesto o importante nivel que temos aquí no referido a estas especialidades”, explicou a doutora Carmen Albo.

